

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión, relativa aos tratamentos farmacéuticos para a hepatite C.**

A situación das persoas enfermas de hepatite C a respecto do acceso aos tratamentos de última xeración non ten mudado a pesares dos múltiples anuncios do Goberno central e do Goberno galego. Se cadra, poderíamos considerar ten mudado a peor, xa que algunhas persoas teñen morto xa dende a autorización do sofosbuvir a pesares de telo prescrito.

O Ministerio de Sanidade afirmou ter fixado un teito de gasto de 125 millóns de euros para mercar os tratamentos e, sen embargo, un par de meses despois afirmou non ía financiarlo directamente, se non que facilitaría un crédito brando ás CCAA para que sexan elas quen corran cos gastos. Alén da propia desidia do Ministerio, xorde un novo problema, xa que a financiación anunciada polo Ministerio non é só para a adquisición do sofosbuvir, se non para a compra da totalidade dos tratamentos combinados, o que diminúe, se cadra aínda máis, a ínfima cantidade disposta ao principio co teito de gasto de 125 millóns.

Por outra banda en diversas comparecencias o Goberno galego ten sostido que existe financiamento propio para o fármaco, sen embargo a habitual opacidade dos orzamentos da Xunta imposibilita corroborar este dato e saber de que contías se trata.

Todo isto súmase á opacidade existente tamén en torno aos prezos dos medicamentos, xa que o Ministerio teima en continuar ocultando á cidadanía o acordo chegado coas farmacéuticas. De feito, poderíamos entender que sobre este acordo e os prezos acadados vaise concluír o Plan Estratéxico do Estado para a atención á Hepatite C que abarca varias anualidades, ata 2017.

Isto causa que, a maiores do problema sanitario e social con perigo para as súas vidas ao que teñen sometido ás persoas que padecen esta enfermidade, a opinión pública e os partidos políticos da oposición carezan da posibilidade de avaliar con rigor o custe político e

económico da mala xestión levada a cabo polo Goberno. Hoxe en día descoñecemos tamén cal é o motivo para que o Goberno central teña rexeitado a posibilidade de crear unha licenza obrigatoria para producir a medicación a expensas das patentes.

Ante estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** presenta a seguinte Proposición Non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Facer públicos o contido dos acordos coas farmacéuticas indicando o prezo que vai ter sofosbuvir, daclastavir e simeprevir, así coma a duración do acordo e o número de tratamentos comprometidos.
- 2.- Informar da contía para Galicia do crédito disposto polo Ministerio de Sanidade, así coma das partidas propias da Consellería se as houber para 2015, 2016 e 2017.
- 3.- Defender ante o Ministerio a necesidade da expedición de licenzas obrigatorias para estes tratamentos, evitando así o uso da patente.
- 4.- Reclamar ao Ministerio o financiamento real dos tratamentos, ampliando así as partidas e facilitando poder chegar a máis persoas doentes.
- 5.- Asegurar que a poboación reclusa accede aos tratamentos en igualdade de condicións que o resto da poboación.
- 6.- Informar cada seis meses ao propio Parlamento dos tratamentos administrados, custe e traballo por parte da Consellería e Ministerio en torno ao prezo e acceso aos tratamentos. Así coma do cumprimento do Plan Específico para o tratamento da Hepatite C.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2015.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Xosé Manuel Beiras Torrado

Deputada e portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 17/03/2015 18:04:49

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 17/03/2015 18:05:00